



# MODULARARTEC2024

7º ENCONTRO DE SÍNTESE MODULAR DA CORUÑA

3 | 4 | 5 OUT.





## J.03 OUTUBRO

PLANETARIO CASA DAS CIENCIAS

MDLRTC VORTEX.

MÚSICA XEARANX

VISUALES MAKYŌ

## V.04 OUTUBRO

FUNDACIÓN LUIS SEOANE


MDLRTC LAB.

18:30 H OXI INSTRUMENTS

21:00 H FRANCISCO LÓPEZ

22:30 H L.A.R. QUICIOS

7º ENCONTRO DE SÍNTESE MODULAR DA CORUÑA  
3 | 4 | 5 OUTUBRO 2024



## S.05 OUTUBRO

IGLESIA DA ORDEN TERCERA

17:00 H NOVIA PAGANA

IGLESIA DAS CAPUCHINAS

19:00 H LAURA MOYANO +  
JUAN MANUEL CIDRON

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

21:00 H COLLAPSE

22:00 H COH

23:00 H PARAUTAS



**PLANETARIO**  
**CASA DAS CIENCIAS**

**J.03 OUT**  
**21\_00H**



# XEARANX

Rói aka XEaranX aka xBruxx aka Suán é un estudoso e músico dende ben novo, ós 6 anos comezou co piano e ós 7 ca gaita. Despois disto e de tocar en varias bandas de rock comezou a estudar harpa celta e especializarse na música tradicional e folc da Galiza.

Por uns anos participou en Trepia, colaborando na grabación de Suan e nos directos na presentación do festival de Ortigueira e no Festival da Zanfona da central Folque, o que levouno o seu paso á música electrónica. Dende o 2017 fórmase na síntese sonora. A idea do seu directo e mesurar drons e sons similares aos das gaitas, xunto con ritmos e poliritmos cercanos aos tradicionais (ternarios, amalgamas, etc..)



**PLANETARIO**  
CASA DAS CIENCIAS

**J.03 OUT**  
**21\_00H**



# MAKYŌ

Borja Bernárdez, artista visual e metade do colectivo MILIII, presenta o seu novo proxecto en solitario titulado MAKYO.

Na meditación zen, "makyo" refírese as ilusións sensoriais que surxen durante a práctica, manifestacións que poden desviar ao meditador da verdadeira claridade. Este concepto é levado a práctica audiovisual, creando pezas que invitan ao espectador a cuestionar a natureza da realidade e a percepción, explorando os límites entre o ilusorio e o real.





## TALLER

Este taller está diseñado para músicos, productores y entusiastas de la música electrónica que desean profundizar en la creación de live sets utilizando instrumentos hardware y sintetizadores modulares.

A lo largo de la sesión, las y los participantes aprenderán a configurar y optimizar un sistema modular compacto, secuenciarlo desde el OXI ONE para actuaciones en vivo y conocerán las capacidades avanzadas para realizar transiciones o como procesador de efectos al final de la cadena que ofrece el nuevo módulo META.

\*Para inscribirse en el taller es imprescindible enviar un correo antes del miércoles 3 de octubre con tu nombre completo y DNI a: [lab@modulartec.com](mailto:lab@modulartec.com)



**FUNDACIÓN  
LUIS SEOANE**

**V.04 OUT  
21\_00H**





# FRANCISCO LOPEZ

Francisco López é recoñecido internacionalmente como unha das figuras máis importantes do panorama da arte sonora e a música experimental.

Durante case corenta anos desenvolveu un universo sonoro sorprendente, absolutamente persoal e iconoclasta, baseado nunha escoita profunda do mundo. O seu extenso catálogo de pezas sonoras (con colaboracións en vivo e en estudo con centos de artistas internacionais) foi lanzado por case 400 selos discográficos e editores en todo o mundo. Foi galardoado catro veces con mencións honoríficas no concurso do Festival Ars Electronica e recibiu o Premio Quartz 2010 á mellor antoloxía sonora.

\*Para inscribirse y poder acudir a este concierto y experiencia de escucha profunda es imprescindible enviar un correo antes del miércoles 3 de octubre con tu nombre completo y DNI a:  
[concertos@modulartec.com](mailto:concertos@modulartec.com)





**FUNDACIÓN  
LUIS SEOANE**

**V.04 OUT  
22\_30H**



As improvisacións foron un elemento importante á hora de compoñer para os diferentes proxectos, tanto persoais (Qzios, Panorama Elíptica etc.) como colaborativos para outras disciplinas como a danza, vídeo, teatro e instalacións.

Estas improvisacións toman agora entidade propia e con varios sintetizadores analóxicos e módulos de efecto e sen computador nin sons pregrabados xera sensacións que tentan ir máis aló da mera escoita, envolvendo e buscando as reaccións anímicas ou físicas que o son pode chegar a provocar no oínte.

O espírito de Impromptu leva ao pé da letra a definición de improvisar, facer algo de súpeto, sen estudo nin preparación, convertendo cada directo nunha actuación radicalmente diferente.

**L.A.R. QUICIOS**



**IGLESIA DA  
ORDEN TERCERA** **S.05 OUT  
17\_00H**





Elena Córdoba é Novia Pagana, produtora musical, compositora e creativa audiovisual.

A súa traxectoria inclúe múltiples postas en escena a través de concertos en diversos actos relacionados co teatro, o cinema, a danza, o deseño, arte sonora.

Participou na creación sonora para obras de teatro como 'EX: el Final del Simulacro', de cinema como para a película 'Solitude' de Margarita Morais (estreada este ano na sección Panorama Andaluz do Festival de Cinema de Sevilla), ou de danza como 'Amar da Drama' con Maria José Villar e Leticia Gude (en proceso de desenvolvemento actual). Tamén desenvolveu propostas como 'Ellas en la ciudad' coa urbanista Reyes Gallego (participando en calidade de artista sonora e editora do documental) e na Bienal de Flamenco de Sevilla.

# NOVIA PAGANA





**IGLESIA DAS  
CAPUCHINAS**

**S.05 OUT  
19\_00H**



**LAURA MOYANO  
+ JUANMA CIDRON**

Laura Moyano (Alcalá la Real, Xaén, 1976) é Titulada superior en Canto polo Real Conservatorio Superior de Música Victoria Eugenia de Granada. A súa traxectoria profesional como solista desenvolveuse en varios xéneros como o ensemble barroco, a música de cámara, o oratorio, a ópera, o teatro e a electrónica.

Juanma Cidron estivo xa connosco na edición de 2020, durante a pandemia, nunha actuación increíble e inesquecible. De moi novo cursou a carreira de piano e solfexo, cinco anos que lle marcaron o resto da súa vida. Primeiro co piano e logo cos sintetizadores que se foi plasmando na vintena de álbums publicados desde principios da década de 1980.



**FUNDACIÓN  
LUIS SEOANE**

**S.05 OUT  
21\_00H**



# COLLAPSE

Proxecto audiovisual paralelo do dúo Telephasycx!, capos do selo Rator Mute, composto por Maryah Gamboa e Durbannoise. Collapse baséase e atmosferas sombrías e abatidas, baterías deconstruídas e guitarras desgarradas constrúen paisaxes sonoras opresivos e perturbadores. Estruturas que evocan ao Post-Rock e ao Dark-Ambient e que che conducen ao límite do descoñecido.

Presentan o seu primeiro traballo "Journey to the Event Horizon", unha viaxe cara ao horizonte de sucesos onde a realidade disólvese e só persiste o son.



**FUNDACIÓN  
LUIS SEOANE**

**S.05 OUT  
22\_00H**



Iván Pavlov é un artista sonoro e músico afincado entre Francia, Suecia e Rusia. Desde as leccións de piano clásico cando era neno, pasando pola fascinación adolescente polas guitarras eléctricas e os estudos universitarios en física teórica, hoxe o principal interese musical é pechar a brecha entre a acústica como ciencia e a música como forma de arte.

A partir de finais dos 90, os discos de COH apareceron en selos pioneiros como Raster-Noton, Mego e Eskaton. Ao mesmo tempo, investiu colaboracións con outros artistas do nivel de Peter Christopherson (COIL, Throbbing Gristle, Psychic TV [como SOISONG]), Richard Chartier [como CHESSMACHINE], Telco Systems [como TELCOH], John Balance (COIL), Cosey Fanni Tutti (Throbbing Gristle, Carter Tutti, Carter Tutti Void, Chris & Cosey) ou Abul Mogard, entre outros.

**COH**



**FUNDACIÓN  
LUIS SEOANE**

**S.05 OUT  
23\_00H**



En homenaxe ao seu bisavó, Parautas é o pseudónimo escollido por Carlos Gómez, produtor e dj de Santiago de Compostela.

A procura constante de novas referencias é clave á hora de construír un son propio, áspero e profundo. Este imaxinario queda plasmado nos seus directos, obsesión á que dedica a maior parte do seu tempo e esforzo. Tras a publicación do seu primeiro EP "Pegadas" e "Ya estamos", un split acompañado da súa colega vigués Pálida (Menta Records, Madrid), Carlos asóciase con Marta (Amiga) para lanzar Elástica: unha festa para amantes dos ritmos rotos con sede en Santiago.

# PARAUTAS

